

Literatura oral

CATEGORÍAS RELACIONADAS

Contos do Mariano: O Magosto



“*Contos do Mariano*” é o título dunha serie de relatos da autoría de Nilo Cea Rodríguez, mestre de Furelos finado no ano 1992, considerado polos melidaos coma o "noso Castelao", pola súa dimensión literaria e artística, entroncada co legado da Xeración Nós. Mariano é un personaxe fanfarrón, botado para adiante, narrador ficticio destes relatos sacados da tradición oral das terras interiores das

bisbarras de Melide e de Arzúa.

“O Magosto” foi publicado o 18 de xuño de 1962. Texto e ilustración de Nilo Cea Rodríguez.

Contos do Mariano no XXVI: O Magosto

Ollando de esguello para un iscarote dun rapaz que se entretaña na pouca caridosa laboura de lle prender unha caldeireta vella ao rabo dun can, que non se metía con ningún, encomenzou a decir o Mariano, mentras poñía, con moita pachorra un pucho apagado na orella esquerda debaixo da aza debanada do sombreiro. – “No... bueno!... o que é os rapaces, facer fan os feitos do demo!. E pensar que un foi coma eles, ou cecais peor!...

Aínda mesmo me parece que se me arrepián os pelos da cabeza cada ves que me lembro dunha cousa que fixen na compañía de outros rillotes coma min, fai polo menos unhos sesenta anos, sendo todos ben cativos por certo. ¡Como pasa o tempo!. De toda aquela cazaviña, fora dun que casou en Bos Aires, e que aínda vive, somentes eu podo contar o conto: Os máis, xa morreron todos José e máis Andrés... no ano da pidemia,

Farruco... dun tiro que lle pegaron no curazón nunha liortada, e Ramón, que tiña oficio de canteiro, ese quedou esmagado debaixo dunha estada, cando estaban encimando a parede dunha pendella vella que lle amoleceran os cimentos coa forza da invernía. Pro... imos ao conto.

O frío de agora, en comparanza do que facía daquela, non vos é nada, xiaba, lazaba e nevaba o máis do inverno: dende Santos hastra ben entrada a primaveira. E cando non xiaba, chovía auga como se a guindasen a caldeiros.

As veces, e non coidedes que é un conto, callábase o río, e o lazo era tan grosa e tan duro, que se podía andar, con facenda e todo por enriba del, dunha ribeira pra outra, sen necesidade de pasar o traballo en dar a volta pola ponte, onde era fondo, ou polos pasales onde levaba pouca auga. Dar daba xenio esbarar con zocos ferrados de brochas por riba do lazo, e loitar cos rapaces sobor do río, que callado daquela maneira parecía talmente de vidro.

Un día, Ramón, o que morreu esmagado pola estada, que tiña coma min o costume de levar ás vacas a pacer á beira do río, argallou unha cousa... que a pouco máis, se non chega a ser por meu avón, que na gloria esteña – acabar, acababa con todos nós. Xa veredes deque maneira.

Foi Ramón e dixo: ¿Porqué non xuntamos ben leña e facemos un bon lume enriba do pozo grande do río para asar despois un magosto de castañas que furtei na uriceira da miña casa e que agora teño agochadas naquela silveira?.

Pareceunos ben o que dixeran o armadanzas de Ramón, e entre todos, sen perda de tempo, puxémonos a xuntar leña, e a botar brazadas dela enriba do lazo, do que nos chamábase o “Pozo Grande” e do cuio que o era; pois sulagaría doadamente tres ou catro casas, das que teñen sobrado.

En pouco tempo tivemos xunta, no pozo, unha boa morea de leña que arroubaba tanto como unha molgueira de pan, e fun eu, e saquei do peto unha caixa de mistos, que lle pillara a miña nai para prender os cigarros; porque aos sete anos eu xa fumaba coma hoxe, e acendín un, e sen cavilalo máis fun e púxenlle lume á morea de leña, - que por estar bastante seca deu en arder de contado, e así que estivo ben acesa e se fixo unha boa fogueira, foi Ramón e botou no lume un magosto, de medio ferrado, e coa mesma sen pensalo mellor sentámonos todos derredor do lume, nin máis nin menos que si estiveramos na cociña das nosas casas, ao pe da lareira.

¡Era a gloria do mundo estar sentados daquel xeito, quentándonos e sentindo esbourar, a cada pouco unha castaña no lume, pois coa presa esquecerámonos de adentalas. Do que non se decatava tampouco ningún, era de que o lazo rinchaba e renxía debaixo de nós.

Xa levábase un bon anaco daquela sorte, cando dixo un dos rapaces, erguéndose de pronto: ¡Xa vos están asadas!. Cando queirades podemos encomenzar a comelas, denantes que se queimen.

Íbámolo facer, cando vimos chegar a gallope a meu avón, botando lume polos ollos e cobras pola boca, cunha vara de freixo na man disposto a mallar en todos nós.

Fuxindo coma lebres, sentimos que nos decía: ¡condanados! ¡galupís! ¡fillos de mala nai! ¡fai falla non ter sentido, nin coñecemento, nin amor á vida pra facer o que estades facendo, carafío!.

¿Non vedes, animalíños, que se non me cadrara de chegar a min agora afogabades todos coma ranchos?

E era certo canto decía eu avón; porque naquel mesmo punto, magosto, fogueira e borralla, afundeuse todo no río, cal si o demo en persoa, nun abrir e cerrar de ollos, tragara dun bocado todo canto alí se atopaba facía unha miga. Despois cando o vento barreu as muxicas, as charamelas e máis o fume, poidemos ver que no lazo, no sitio onde estivera a fogueira, somentes había unha burata moura, fonda e redonda, dunhas catro brazas a cada xeito, que houbera sido a nosa cova se meu avó non atinara a pasar por alí, como pasou.

As que se salvaron foron as troitas; pois como levaban moitos días pechadas debaixo do carambelo, estaban mortas de fame, e nin que decir ten que aínda ben non ventaron as castañas, viron o ceo aberto, e fóronse a elas coma lóstregos. E deron en escaponalas i en comelas con tanta presa e con tanta dilixencia que nun instante ben curto, non quedou, o que se di nin cinasco do magosto.

[Transcrición do texto e imaxe remitidos por Xurxo Broz e Cristina Vázquez, de Melide (A Coruña).
Outubro de 2016]